


Cada noite, a señora Ofelia conta ovellas saltando un valo para poder durmir.

1... 2... 3... e así, ata a 18.

Ramona, a ovella 19, sempre queda coa gana de saltar. E a 20, a 21 ou a 75.

Que poden facer para saltar todas?



ISBN: 978-84-10074-60-6 www.nubeocho.com
9 788410 074606

nubeOCHO

A OVELLA 19

Blanca Lacasa Jorge Martín



A OVELLA 19


Blanca Lacasa Jorge Martín

nubeOCHO



A OVELLA 19

Blanca Lacasa Jorge Martín



A ovella 19
Colección Somos8

© do texto: Blanca Lacasa, 2024
© das ilustracións: Jorge Martín, 2024
© da edición: NubeOcho, 2024
© da tradución: Iria Carballo, 2024
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *La oveja 19*

Primeira edición: Febreiro, 2024
ISBN: 978-84-10074-60-6
Depósito Legal: M-522-2024

Impreso en España.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.



**Tic
Tac**

A señora Ofelia tarda unha eternidade
en durmir todas as noites.
Dá voltas e máis voltas na cama.

E todas as noites, a señora Ofelia conta ovellas.
Porque o único que consegue facer roncar a señora Ofelia é iso: contar ovellas.





Cada noite, a señora Ofelia ponse a contar:
unha ovella, dúas, tres, catro... Así ata
chegar a dezaioito ovellas.

En canto a señora Ofelia chega
ao número dezaioito... cae fulminada!



Cada unha desas noites, a ovella Ramona queda coa gana de saír.



Tampouco ten a oportunidade de bear mainamente, incitando a señora Ofelia a durmir.

Non salta o valo...



Porque se dá a desastrosa coincidencia de que a ovella Ramona é...



... a ovella número 19.

Por iso, noite tras noite, a ovella Ramona dedícase a inventar algunha estratexia para conseguir que chegue a súa quenda.



Unha vez disfrazouse de can pastor.
Descubrirona.



Tamén xogou ás cartas o dorsal
da ovella 13, Florida.
E perdeu.

Unha noite intentou poñerse de primeira na fila a forza de botar uns peidos MOI cheirentos. Nada. As ovellas sacaron as súas máscaras antigás como se tal cousa.



Nunha ocasión borrou o 1 do seu dorsal 19.



Pero a ovella Belinda, que é a que ten o dorsal 9 de verdade, enfadouse moitísimo coa pobre Ramona e mandouna ao seu sitio.